

“O pouso do fume” vén de recibir o recoñecemento da crítica logo de ser nomeado finalista na categoría de mellor libro de poesía na última edición dos premios AELG

Eis o misterio do cotián

Espiral Maior edita este poemario

LIBROS

VICENTE ARAGUAS




Dores Tembrás

O POUSO DO FUME

Ou de cómo argumentar o quefacer de cada día. De cómo argumentalo ou artellalo (¡ou artillalo!) coa forza e máis os argumentos de que dispón *Dores Tembrás*, firme candidata na última edición do Premio da Crítica (Espaníola), co seu primeiro libro de poemas. O que teño agora diante miña, e que leva por título “O pouso do fume” (Edicións Espiral Maior, Culleredo, 2009). Un conxunto de versos que oxidan, combustionan e –consecuentemente– deixan pouso. Ou pousan no espírito do lector quen terá, por forza, de volver a eles.

Porque este libro de poemas é, como poucos, de lectura adicada. Cousa doadamente deducible desde o prólogo do libro, da autoría de Teresa Seara, unha das nosas especialistas en poesía con máis criterio e, xa que logo, credibilidade. E fala Teresa de fogos e fumes, e aínda podería facelo de lumes, e baseándose nun proverbio africano fai por preguntarse (e preguntarnos; mala cousa a poesía que non traballa con e ao lector) –precisamente–: “¿Qué se fai co fume?”

E por aí os derroteiros deste libro de poemas que conta cousas, que procura as interioridades de cousas e persoas, que fala de vitorias e desfeitas, que se move e tece e destece polo rural de andalo en burrico pero tamén chouta as barreiras do Atlántico. Nunha chea de poemas, de pequeno formato, eis tamén o seu poderío (¡que de verdade na contención expresiva!), que van saíndo á maneira dun río ben artillado pola sabedoría dunha poeta sabida. Dunha muller que fala de mulleres, de persoas bravísimas como o verso duro pero tan flexible de Alejandra Pizarnik, tan citada polas poetas de hoxe (por *Dores Tembrás*, ademáis, estudada, pois dela fixo cerne e motivo dunha tese doutoral), pero que tamén alumea os seus versos con outros de Eva Veiga.



ESPIRAL MAIOR
POESÍA

AUTORA

“Acredita igualmente no silencio, e por iso nun dos seus poemas ten que aparecer John Cage”

O que pasa é que *Dores Tembrás* acredita igualmente no silencio, e por iso nun dos seus poemas ten de aparecer John Cage. E agora o cotián colle xeitos musicais. E agora o silencio cotián semella pouco doado ou, definitivamente, imposible.

Por iso *Dores Tembrás* non canxa tampouco nesta estética, tampouco na confesional, obviamente. E é que esta poeta, á que

**“O pouso do fume”
Dores Tembrás
Espiral Maior / 14 euros**

imos seguir agardando con apencias e afán agora tan xustificadas, ten extraña clasificación. Senón na dos poetas galegos da hora actual que non queren capsula, casela ou posto escalafonado.

Dores Tembrás, paréceme, vai ben por libre no momento galego que nos abruma de tendencias e escolas, xente e xentiña. Eis un dos meirandes atractivos da poética desta muller de Bergondíño (A Coruña) de 1979. En quen haberá que acreditar, xa se dixo, na mesma forza con que ela ten revirado o pescozo do enganoso cisne do cotián. Ou algo así, coido.